



RESOLUCIÓN DO XERENTE, CON DATA DO 15/11/2021, SOBRE A EFECTIVIDADE DA NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO EN DETERMINADAS ÁREAS

Co obxecto de cumprir o disposto no artigo 74 do EBEP, no artigo 38 da Lei do emprego público de Galicia e no artigo 92 dos Estatutos da UDC, presentouse unha proposta de nova relación de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos da UDC. Logo do proceso de negociación colectiva, a proposta inicial da RPT foise modificando ao longo das diversas reunións mantidas de tal xeito que culminou coa presentación e aprobación do proxecto polo Consello de Goberno e o Consello Social da UDC o día 22-07-2021.

A dita aprobación e o informe favorable estaban condicionados á posterior autorización da Consellería de Facenda e á súa relación co límite máximo de masa salarial, segundo o establecido no capítulo IV (artigos 34-36), "Universidades" do título II, "Gastos de persoal", da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 (DOG núm. 19, 29-01-2021). A dita consellería enviounos a autorización o día 18-10-2021.

Posteriormente, a RPT foi enviada para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, sendo hoxe publicada. A súa entrada en vigor será ao día seguinte da súa publicación; é dicir, mañá 16 de novembro.

Tanto nas distintas fases da negociación coa representación do persoal, como na Memoria funcional da proposta da RPT, como na súa presentación ao Consello de Goberno e ao Consello Social, e mesmo na Modificación da Resolución reitoral da estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC publicada o 11-11-2021, indicouse que "...a súa implantación realizarase progresivamente, en función dos procesos de provisión dos postos de carácter voluntario e logo da negociación coa representación do persoal."

Polo tanto, e co obxecto de provocar a menor alteración posible na actividade, comunícase que aquelas persoas que estean nos postos afectados pola nova RPT (indicados no Anexo) e nos que se cumpran estas dúas circunstancias: cambio de ubicación física e cambio de unidade administrativa de destino; continuarán no edificio/centro no que estean na actualidade.

Esta situación será provisoria ata que se resolva o seguinte concurso xeral de traslados. Os postos afectados dependerán da Administración, de cada un dos seus centros de orixe, en tanto estean nesta situación provisoria.



Esta disposición entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia.

Asinado dixitalmente polo xerente

ANEXO

	Posto	Área	Unidade	Observacións
NÚM. POSTO	XERENCIA			
727	Secretario/a administrativo	Vicexerencia de Economía e Finanzas	Servizo de Xestión Financeira	Procede da UXAI (Fac. de Socioloxía/Fac. De Ciencias da Comunicación)
429	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da ETS de Arquitectura
451	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da ETS Enxeñería de Camiños, Canais e Portos.
452	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da ETS Enxeñería de Camiños, Canais e Portos
546	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Ciencias
547	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Ciencias
576	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Ciencias da Educación
647	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Economía e Empresa
697	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Informática
698	Posto base	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Fac. de Informática
478	Secretario/a administrativo	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da E. U. de Arquitectura Técnica

669	Secretario/a administrativo	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación Fac. de Filoloxía
168	Secretario/a técnico da Unidade Coordinación Laboratorios	Vicexerencia de Investigación	Equipo de Xestión da Investigación (EXI)	Procede de Servizos de Apoio á Investigación
VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE				
	Oficina de Doutoramento da EIDUDC		Servizo de Organización Académica / EIDUDC	
539	Secretario/a administrativo		Servizo de Organización Académica / EIDUDC	Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación da Fac. de Ciencias
	Unidade Técnica de Calidade			
566	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación da Fac. de Ciencias da Educación
569	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede da Administración da Fac. de Ciencias da Educación
542	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede da Administración da Fac. de Ciencias
637	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación Fac. de Economía e Empresa
640	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede da Administración da Fac. de Economía e Empresa
690	Secretario/a administrativo		Unidade Técnica de Calidade	Procede de Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación Fac. de Informática

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE				
424	Secretario/a administrativo		Servizo de Estudantes	Procede da Administración da E.T.S. de Arquitectura
421	Secretario/a administrativo		Servizo de Estudantes	Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación E.T.S. de Arquitectura
422	Secretario/a administrativo		Servizo de Estudantes	Procede de Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación E.T.S. de Arquitectura
465	Secretario/a administrativo		Servizo de Estudantes	Procede da Administración da E.T.S. de Náutica e Máquinas
VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTES				
540	Secretario/a administrativo			Procede da Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación da Fac. de Ciencias